

COLD WAR

[Pawel Pawlikowski, 2018]

443

ESTREA EN NUMAX: 05.10.2018 | V.O.S.E.

Cold War (2018, 88')

Dirección: Pawel Pawlikowski

Guión: Pawel Pawlikowski, Janusz Glowacki

Elenco: Joanna Kulig, Tomasz Kot, Agata Kulesza, Borys Szyc, Cédric Kahn, Jeanne Balibar, Adam Woronowicz, Adam Ferency, Adam Szyszkowski

Son: Mirosław Makowski, Maciej Pawłowski, Łukasz Świerżawski

Montaxe: Jarosław Kamiński

Música: Piotr Domagalski, Maurycy Idzikowski, Marcin Masecki, Luis Nubiola, Jerzy Rogiewicz

Dirección de arte: Judyta Pieprzyk

Vestuario: Ola Staszko

Fotografía: Łukasz Żal

Produtoras: MK2 Productions, Apocalypso Pictures, Film4, Opus Film, Protagonist, BFI Film Fund (Polonia)

Distribuidora: Caramel Films

Formato de proxección: DCP2K, 1.37:1

Idioma orixinal: Polaco, francés, ruso, alemán, italiano, croata

PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 2018 (Mellor dirección)

FILMOGRAFÍA

Ida, 2013

La mujer del quinto, 2011

Mi verano de amor, 2004

Last Resort, 2000

The Stringer, 1998

Dostoevsky's Travels, 1992 [TV]

From Moscow to Pietushki, 1991 [TV]

SINOPSE

Dúas persoas de orixes e caracteres completamente distintos namoran en tempos da Guerra Fría e a pesar das súas diferenzas parecen destinadas a se atopar.

«Obra mestra. Con tanta autoridade e beleza narra Pawlikowski o amor rotundo e sincopado»

Oti Rodríguez Marchante, ABC



“Hoxe en Polonia asistimos a unha purga artística”

Entrevista con Pawel Pawlikowski
Por Pierre Murat

Podemos considerar *Cold War* unha biografía? Non completamente, pero en gran parte está dedicada aos meus pais. Miña nai, procedente dunha familia burguesa, coñeceu a meu pai aos 17 anos pero ao pouco de comezaren a vivir xuntos, el empezou a engañala. Separación. Ao pouco, reconciliación. É nese momento cando nazo eu. Logo de tres anos de relativa paz o seu grande enredo sentimental volve comezar. El, frustrado, marcha ao Oeste, ela, convertida en vedete en Polonia, fica. Iso non impediu que se volveran atopar en París e seguiron as separacións, recontros, como na canción de *Jules e Jim* (François Truffaut, 1961), mais continuaron toda a vida acumulando queridos e queridas. Estaban profundamente insatisfeitos. Mais como non ían estar na Polonia frustrada e frustrante da época?

Precisamente, a pouta stalinista esta sempre presente, mais na sombra... Son un adepto do *menos*. O *máis* paréceme sempre demasiado. Lembro a adaptación que Philip Kaufman fixo

de *La insupportable levedad del ser* (1987) onde estaba todo o tempo a subliñar que os rusos eran sempre feos e malvados. Que necesidade había de insistir dese xeito? Iso estraga todo... A política habita nas nosas vidas, na nosa psicoloxía. É de abondo amosar seres a cada volta máis nerviosos e confundidos para suxerir que algo está a suceder ao seu redor. É certo que, para gañar tempo, introducín un plano que eu mesmo considero reiterativo. No despacho, atrozmente soviético, do cónsul polaco en París, viume a idea de que a súa xanela dese para a Torre Eiffel. Por que? Porque nese momento o cónsul preguntalle ao meu heroe: «Mais por que demos queres marchar de aquí», e a Torre Eiffel simbolizada perfectamente o «aquí»... Tanto peor se o plano era lixeiramente explicativo.

Que secuencias foron gravadas en París? Moi poucas, por falta de cartos. Algunhas rúas, Notre Dame... Todo o demais, incluído o cabaret, foi recreado nos estudos de Lodz, en Polonia.

O grupo folclórico que describes existiu realmente? Por suposto! Estaba totalmente esquecido cando comecei as miñas pesquisas hai máis de dous anos... Mais cómpre ter en conta que o novo goberno, de dereitas, democraticamente elixido, dicidiu promover a música tradicional polaca. Unha sorte de eterno retorno... Actualmente, asistimos a unha gran purga artística: a televisión converteuse en pura propaganda e as autoridades tentan desacreditar figuras do pasado como Andrzej Wajda

ou Lech Walesa. As elites intelectuais convertéronse no inimigo.

Que dificultades atopastes na rodaxe? O traballo cos actores. En Polonia temos o costume de traballar a toda presa, con catro páxinas de guión. O elenco non daba creto ao verme repetir unha toma dez ou doce veces. Ou dedicar toda unha xornada de traballo a unha soa secuencia. Por moi sensuais que sexan, os meus dous actores principais viñan da vella escola. Joanna Kulig procede dunha familia tradicional, católica, campesiña e de montaña, co que abrazar un home que non fose o seu marido representaba un problema. Tomasz Kot é fráxil e cómpre darlle pulo para que nos dea todo o que adoita agochar. Evitei ser sádico con el.

Para a escena na que Joanna lle di a un tipo, «estás interesado en min polo meu talento ou por outra cousa?», fixenlle visionar escenas con Lauren Bacall, onde só os seus ollos traballan, onde a ironía pasa pola gravidade da voz... A Tomasz queríao tan apostado e atractivo como Gregory Peck. En resumo, facíame falla glamour en grandes doses. E eles déronmo...

Publicado en www.telerama.fr
Tradución: Xan Gómez Viñas

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Abónate
agora e ven
sempre por

4€

Novas tarifas
válidas a partir
do 6 de xullo

Faite
NUMAX!